

Enquisa de poboación activa. Variables submostra

Resumo de resultados 09/05/2025

ÍNDICE

Principais resultados	1
Introdución	1
Educación	2
Condicións de traballo	6
Experiencia laboral e búsqueda de emprego	10
Definicións, fontes e máis información	11

Principais resultados

- En 2024, o sector de estudos de Tecnoloxías da información e comunicación rexistrou a taxa de ocupación máis elevada (79,6 %). O de Artes, humanidades e linguas acadou a maior taxa de paro (12,9 %).
- Sete de cada 10 persoas traballadoras en Galicia tiñan un posto laboral como empregadas (con superiores e sen persoal ao seu cargo), cunha maior porcentaxe de mulleres neste grupo.
- O 34,7 % da poboación ocupada traballou polo menos un sábado ao mes e o 20,3 % polo menos un domingo.

Introdución

A [Enquisa de poboación activa \(EPA\)](#) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o [Instituto Nacional de Estadística \(INE\)](#) realiza desde 1964. No ano 2008 asinou un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade principal da EPA é coñecer a actividade económica no relativo ao seu compoñente humano. Está orientada a dar datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo (ocupados, parados, activos e inactivos) e a obter clasificacións destas categorías segundo diversas características. Tamén posibilita confeccionar series temporais homoxéneas de resultados.

Cada trimestre, os fogares que rematan a súa colaboración coa EPA (os que están na sexta entrevista) responden a unha serie de variables adicionais ás investigadas en cada trimestre. A finalidade desta submostra, distribuída durante todo o ano, é a de proporcionar datos anuais de variables estruturais.

Na submostra recóllense as variables estruturais específicas para as que foi deseñada xunto coas demais variables trimestrais da EPA. Polo tanto, a submostra pode ofrecer, para algúns indicadores, resultados diferentes dos que se obteñen como media anual dos datos trimestrais da EPA. Para paliar este problema, a elevación dos resultados da submostra realízase de modo que as estimacións sexan coherentes coa media trimestral para os ocupados, parados e inactivos por sexo e grupos decenais de idade a nivel de España e para o total de ocupados, parados e inactivos para as comunidades autónomas.

A EPA incorporou as cifras do Censo de poboación e vivendas do INE de 2021 ás súas estimacións dos anos 2021 en diante. Para máis información consultar a seguinte [ligazón](#).

Educación

Entre as variables de submostra inclúese o sector de estudos co que se clasifica á poboación segundo a especialidade, campo ou área de contido do seu nivel de formación alcanzado. En 2024, o 58,3 % dos galegos e das galegas contaba cun nivel de formación xeral, formación básica de adultos e habilidades persoais. Dentro desta categoría inclúense as persoas que acadaron, como máximo, a ensinanza secundaria obrigatoria ou o bacharelato, isto é, programas ou certificacións de estudos de carácter xeral. O resto da poboación tiña adquirido algunha especialidade.

Entre a poboación ocupada, a porcentaxe de persoas que se clasifica en programas de formación básica situábase no 40,3 %. Entre as especialidades con maior porcentaxe de ocupados cómpre salientar os estudos en negocios, administración e dereito (13,3 %); mecánica, electrónica e outra formación técnica; industria e construción (12,6 %) e saúde e servizos sociais (10,0 %).

Poboación de 16 e máis anos por relación coa actividade económica e nivel de formación acadado. Galicia. Ano 2024

Unidade: miles de persoas e porcentaxes

	Total	Activos	Ocupados	Parados	Inactivos	Porcentaxe Total	Porcentaxe Ocupados
Total	2.372,0	1.262,3	1.144,0	118,3	1.109,7	100,00	100,00
00 Formación xeral, formación básica de adultos e habilidades persoais	1.383,4	516,6	460,6	56,0	866,8	58,32	40,26
01 Educación	98,3	66,5	61,2	5,3	31,8	4,14	5,35
02 Artes, humanidades e linguas	70,5	52,5	45,7	6,7	18,0	2,97	3,99
03 Ciencias sociais, periodismo e documentación	37,3	28,4	25,8	2,7	8,9	1,57	2,26
04 Negocios, administración e dereito	224,1	165,3	152,7	12,6	58,8	9,45	13,35
05 Ciencias naturais, químicas, físicas e matemáticas	31,6	23,1	21,4	1,7	8,5	1,33	1,87
06 Tecnoloxías da información e as comunicación (TIC)	52,8	45,2	42,0	3,2	7,6	2,23	3,67
07 Mecánica, electrónica e outra formación técnica; industria e construción	196,1	155,9	143,9	11,9	40,2	8,27	12,58
08 Agricultura, gandería, pesca, silvicultura e veterinaria	28,1	20,5	19,7	0,8	7,6	1,18	1,72
09 saúde e servizos sociais	157,7	124,6	114,3	10,3	33,0	6,65	9,99
10 Servizos	73,7	61,0	55,4	5,6	12,8	3,11	4,84
99 Sectores descoñecidos ou non especificados	18,5	2,7	1,2	1,6	15,7	0,78	0,10

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

O sector do nivel de formación ten influencia nas variables do mercado laboral. Así, a poboación formada en tecnoloxías da información e as comunicacións acadou a taxa de actividade máis alta (85,6 %), seguida de servizos (82,7 %), e de mecánica, electrónica e outra formación técnica; industria e construción (79,5 %).

Por sexo, tecnoloxías da información e as comunicacións tamén foi a especialidade con maior taxa de actividade para os homes (86,4 %), mentres que para as mulleres observouse nos estudos relacionados co sector servizos (85,9 %).

Pola contra, as persoas con programas de formación xeral presentaron as menores taxas de actividade (53,2 %), tanto para homes como para mulleres (58 % e 48,9 %, respectivamente)

Taxas de actividade por sector do nivel de formación alcanzado e sexo. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxes

	Total	Homes	Mulleres
Total	53,2	58,0	48,9
00 Formación xeral, formación básica de adultos e habilidades persoais	37,3	44,9	30,1
01 Educación	67,7	78,2	65,0
02 Artes, humanidades e linguas	74,4	75,0	74,0
03 Ciencias sociais, periodismo e documentación	76,1	71,1	79,5
04 Negocios, administración e dereito	73,8	81,0	70,2
05 Ciencias naturais, químicas, físicas e matemáticas	73,1	67,2	76,1
06 Tecnoloxías da información e as comunicación (TIC)	85,6	86,4	83,0
07 Mecánica, electrónica e outra formación técnica; industria e construción	79,5	78,5	85,7
08 Agricultura, gandería, pesca, silvicultura e veterinaria	73,0	69,3	85,3
09 saúde e servizos sociais	79,0	82,5	78,1
10 Servizos	82,7	78,0	85,9
99 Sectores descoñecidos ou non especificados	14,8	12,1	15,9

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

No referente á taxa de ocupación, esta situouse no 33,3 % para o grupo de poboación sen especialidade académica en 2024. As taxas de ocupación máis elevadas observáronse entre as persoas ocupadas especializadas no sector das tecnoloxías da información e as comunicacións, cunha porcentaxe do 79,6 %. Este sector é o de maior taxa de ocupación no caso dos homes (79,3 %) e o de agricultura, gandería, pesca, silvicultura e veterinaria no caso das mulleres (85,3 %).

Taxas de ocupación por sector do nivel de formación alcanzado e sexo. Galicia. Ano 2024

unidades: porcentaxes

	Total	Homes	Mulleres
Total	48,2	52,8	44,1
00 Formación xeral, formación básica de adultos e habilidades persoais	33,3	40,2	26,6
01 Educación	62,3	74,1	59,3
02 Artes, humanidades e linguas	64,9	62,8	66,2
03 Ciencias sociais, periodismo e documentación	69,0	64,8	71,9
04 Negocios, administración e dereito	68,1	74,5	64,9
05 Ciencias naturais, químicas, físicas e matemáticas	67,7	58,2	72,6
06 Tecnoloxías da información e as comunicación (TIC)	79,6	79,3	80,7
07 Mecánica, electrónica e outra formación técnica; industria e construción	73,4	72,6	78,9
08 Agricultura, gandería, pesca, silvicultura e veterinaria	70,1	65,5	85,3
09 saúde e servizos sociais	72,5	78,5	70,9
10 Servizos	75,1	75,7	74,8
99 Sectores descoñecidos ou non especificados	6,4	6,4	6,4

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

Por último, a taxa de paro varía entre o 12,9 % da poboación especializada en artes, humanidades e linguas (o sector de formación coa taxa de paro máis alta en 2024) ao 4 % da poboación especializada no sector da agricultura, gandería, pesca, silvicultura e veterinaria.

Taxas de paro por sector do nivel de formación alcanzado e sexo. Galicia. Ano 2024

Unidades: porcentaxes

	Total	Homes	Mulleres
Total	9,4	9,0	9,8
00 Formación xeral, formación básica de adultos e habilidades persoais	10,8	10,4	11,5
01 Educación	7,9	5,3	8,7
02 Artes, humanidades e linguas	12,9	16,3	10,6
03 Ciencias sociais, periodismo e documentación	9,3	8,8	9,7
04 Negocios, administración e dereito	7,6	7,9	7,5
05 Ciencias naturais, químicas, físicas e matemáticas	7,4	13,5	4,7
06 Tecnoloxías da información e as comunicación (TIC)	7,1	8,3	2,8
07 Mecánica, electrónica e outra formación técnica; industria e construción	7,7	7,6	7,9
08 Agricultura, gandería, pesca, silvicultura e veterinaria	4,0	5,5	0,0
09 saúde e servizos sociais	8,3	4,8	9,2
10 Servizos	9,1	2,9	13,0
99 Sectores descoñecidos ou non especificados	56,9	46,9	59,9

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

Condicións de traballo

En 2024 o 70,0 % dos ocupados e das ocupadas de Galicia traballaba nun posto como empregado, con xefes pero sen subordinados, aínda que a porcentaxe era maior entre as mulleres (74,8 %) que entre os homes (65,6 %). A seguinte categoría en importancia era a de ocupado independente, isto é, sen xefes e sen subordinados, na que se atopaba o 13,2 % dos traballadores e das traballadoras galegas.

Por tipo de posto laboral obsérvanse diferencias significativas por sexo. En todas as categorías, agás na de empregado (con xefes e sen subordinados), clasificáronse máis homes que mulleres, tanto en número como en porcentaxe sobre o total de ocupados e ocupadas. Cabe destacar a de director de empresa onde se situou practicamente o dobre de homes que de mulleres.

Persoas ocupadas por tipo de posto laboral e sexo. Galicia. Ano 2024

Unidades: miles de persoas


	Total	Homes	Mulleres
Total	1.144,0	596,4	547,6
Empregado (con xefes e sen subordinados)	800,7	391,2	409,5
Encargado, xefe de taller ou de oficina, capataz ou similar	73,1	45,1	28,0
Mando intermedio	52,3	29,6	22,7
Ocupado independente (sen xefes e sen subordinados)	151,0	86,4	64,6
Director de pequena, mediana ou gran empresa	65,5	43,5	22,0
Non sabe	1,5	0,5	0,9

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

O 64,3 % dos ocupados e das ocupadas de Galicia non traballou ningún sábado en 2024, o 29,2 % traballou polo menos dous sábados ao mes e o 5,5 % traballou só un sábado ao mes. Por outra banda, o 79,4 % non traballou ningún domingo ao mes durante o ano 2024.

Persoas ocupadas por frecuencia coa que traballan o sábado. Galicia. Ano 2024


Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

Persoas ocupadas por frecuencia coa que traballan o domingo. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

Dos 939.600 asalariados e asalariadas residentes en Galicia no ano 2024, 36.600 persoas foron contratadas a través dunha empresa de traballo temporal e 18.700 obtiveron o seu emprego actual coa mediación dunha oficina de emprego pública.

Persoas asalariadas por contratación a través dunha empresa de traballo temporal. Galicia. Ano 2024

Unidade: miles de persoas

Variable	Total	Homes	Mulleres
Total	939,6	474,8	464,8
Si	36,6	19,7	16,8
Non	899,9	452,0	447,9
Non sabe	3,0	3,0	0,0

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

Persoas asalariadas por participación dunha oficina de emprego pública na obtención do seu emprego actual. Galicia. Ano 2024

Unidade: miles de persoas

Variable	Total	Homes	Mulleres
Total	939,6	474,8	464,8
Si	18,7	6,5	12,2
Non	880,8	446,1	434,8
Non sabe	3,5	2,5	1,0
Non clasificable	36,6	19,7	16,8

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

Experiencia laboral e búsqueda de emprego

No ano 2024 o motivo principal polo cal as persoas paradas que traballaron anteriormente deixaron o último emprego foi por finalizar o contrato (43,9 % dos casos). Por outra banda, o 23,8 % da persoas paradas deixara o seu último emprego facía tres anos ou máis.

Persoas paradas que traballaron anteriormente segundo a causa para deixar o último emprego e o sexo. Galicia. Ano 2024

Unidade: miles de persoas

Causa	Total	Homes	Mulleres
Total	107,0	52,8	54,2
Despido ou suspensión do posto (inclúe regulación de emprego)	21,4	11,4	9,9
Fin do contrato (inclúe os fixos-discontinuos e os traballadores estacionais)	47,0	23,0	24,0
Enfermidade ou incapacidade propia	1,3	0,5	0,8
Realizar estudos ou recibir formación	1,1	0,8	0,3
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	0,7	0,3	0,4
Outras responsabilidades familiares	0,0	0,0	0,0
Xubilación anticipada ou normal	0,0	0,0	0,0
Outras razóns persoais	1,7	0,7	1,0
Outras razóns (inclúen o cese nunha actividade propia e por vontade propia)	8,2	4,6	3,6
Non sabe	0,0	0,0	0,0
Deixou o seu último emprego hai 3 anos ou máis	25,5	11,4	14,0

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Variables de submostra ([Descarga da táboa](#))

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Poboación de 16 ou máis anos segundo o sector do nivel de formación alcanzado, a relación coa actividade económica e o sexo. Galicia
- Taxas de actividade, ocupación e paro segundo o sector do nivel de formación alcanzado e o sexo. Galicia
- Ocupados por tipo de posto laboral, sexo e grupos de idade. Galicia
- Persoas ocupadas por frecuencia coa que traballan o sábado, sexo e grupos de idade. Galicia
- Persoas ocupadas por frecuencia coa que traballan o domingo, sexo e grupos de idade. Galicia
- Persoas asalariadas por contratación a través dunha empresa de traballo temporal, sexo e grupos de idade. Galicia
- Persoas asalariadas por participación dunha oficina de emprego pública na obtención do seu emprego actual, sexo e grupos de idade. Galicia
- Persoas paradas que traballaron anteriormente por causa de deixar o último emprego e sexo. Galicia